



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de abril de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e corenta e cinco minutos do día cinco de abril de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(316).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 15 de marzo e extraordinaria e urxente do 21 de marzo de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(317).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SOLICITUDES CONCEDIDAS E DENEGADAS DE AXUDAS EXCEPCIONAIS DE COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2^a ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO CURSO 2017-2018, DENDE NOVEMBRO 2017 ATA FEBREIRO 2018. EXPTE. 138777/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/03/18, asinado pola técnica responsable do Servizo de Persoas maiores, a xefa do Servizo de Política Social e a concelleira-delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 02 de maio de 2017 acordou a aprobación das Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, do Concello de Vigo curso 2017-2018.

B.O.P nº 90 do 11.05.2017

Tal como indica a Base Cuarta:

“O programa de axudas para comedores escolares intégrase coas modalidades A) e B), que deben reunir os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade A): Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade B): Con carácter excepcional, e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurridas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas, poderán solicitarse subvencións para o comedor con carácter excepcional a partir do 1 de outubro de 2017.

Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar a causa da excepcionalidade da solicitude.

A Base Décimo segunda apartado 6, indica que na Modalidade B) de comedor con carácter excepcional:

“ A Concelleira de Política Social resolverá a inclusión dos/as alumnos/as na lista da agarda ou a denegación por proposta da instrutora do procedemento e informe da Comisión de Valoración. Trimestralmente darase conta a Xunta de Goberno Local das axudas de comedor nesta modalidade B)”

A continuación dase conta á Xunta de Goberno Local da relación das solicitudes concedidas e denegadas(reseñando o motivo de denegación) de axudas excepcionais de comedor (Modalidade b) **dende novembro 2017 ata febreiro 2018**

Ase mesmo dase conta das axudas de libros denegadas, dado que na (Modalidade b) no se contempla a excepcionalidade para estas axudas

CONCEDIDAS e DENEGADAS 2017-2018

	Nº Expediente	Data Resolución Concelleira	Estado comedor	Motivo denegación comedor	Estado libros	Motivo denegación libros
1	3605716003666	09/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
2	3605724002942	10/11/17	Concedida			
3	3605702003327	09/11/17	Concedida			
4	3605705002061	09/11/17	Concedida			



Concello de Vigo

	Nº Expediente	Data Resolución Concelleira	Estado comedor	Motivo denegación comedor	Estado libros	Motivo denegación libros
5	3605705003764	09/11/17	Concedida			
6	3605702003327	09/11/17	Concedida			
7	3605721003978	09/11/17	Concedida			
8	3605711001132	09/11/17	Concedida			
9	3605722002916	09/11/17	Concedida			
10	3605722002916	09/11/17	Concedida			
11	3605725002556	09/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
12	3605713004026	18/01/18	Concedida			
13	3605714001370	10/11/17	Concedida			
14	3605721003796	09/11/17	Concedida			
15	3605721003796	09/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
16	3605714004138	31/01/18	Concedida			
17	3605714003658	18/01/18	Concedida			
18	3605723004664	09/11/17	Concedida			
19	3605714003703	19/01/18	Concedida			
20	3605714003703	19/01/18	Concedida			
21	3605714004040	10/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
22	3605715004637	09/11/17	Concedida			
23	3605715004637	09/11/17	Concedida			
24	3605703002865	13/01/18	Concedida			
25	3605703002865	13/01/18	Concedida			
26	3605723001832	09/11/17	Concedida			
27	3605705003797	31/01/18	Concedida			
28	3605705003797	31/01/18	Concedida			
29	3605705002208	10/11/17	Concedida			
30	3605705003797	31/01/18	Concedida			
31	3605725003509	31/01/18	Concedida			
32	3605725003476	09/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
33	3605725003476	09/11/17	Concedida			
34	3605722002925	09/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
35	3605722002925	09/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
36	3605711003917	18/01/18	Concedida			

	Nº Expediente	Data Resolución Concelleira	Estado comedor	Motivo denegación comedor	Estado libros	Motivo denegación libros
37	3605705003772	09/11/07	Concedida			
38	3605705003772	09/11/17	Concedida			
39	3605705003772	09/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
40	3605705003772	09/11/17	Concedida			
41	3605714004141	31/01/18	Concedida			
42	3605724003390	13/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
43	3605715004636	09/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
44	3605724003390	13/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
45	3605724003390	13/11/17	Concedida			
46	3605716003754	31/01/18	Concedida			
47	3605722002924	09/11/17	Concedida			
48	3605705003773	18/01/18	Concedida			
49	3605716003754	31/01/18	Concedida			
50	3605713003952	10/11/17	Concedida			
51	3605721003947	18/01/18	Concedida			
52	3605705003760	10/11/17	Concedida			
53	3605725000118	09/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
54	3605714003997	13/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
55	3605716003631	09/11/17	Concedida			
56	3605702003335	09/11/17	Concedida			
57	3605705003761	09/11/17	Concedida			
58	3605716003727	18/01/18	Concedida			
59	3605705003761	09/11/17	Concedida			
60	3605705003761	09/11/17	Concedida			
61	3605716003753	31/01/18	Concedida			
62	3605703002565	09/11/17	Concedida			
63	3605702003371	18/01/18	Concedida			
64	3605714003973	09/11/17	Concedida			
65	3605703002565	09/11/17	Concedida			
66	3605702003371	18/01/18	Concedida			



Concello de Vigo

	Nº Expediente	Data Resolución Concelleira	Estado comedor	Motivo denegación comedor	Estado libros	Motivo denegación libros
67	3605702003276	18/01/18	Concedida			
68	3605716003658	09/11/17	Concedida			
69	3605714003979	18/01/18	Concedida			
70	3605702003276	18/01/18	Concedida			
71	3605703001707	09/11/17	Concedida		Denegada	Na modalidade b) excepcional non é subvencionable ningún curso
72	3605711003030	09/11/17	Concedida			
73	3605724003419	18/01/18	Concedida			
74	3605715004628	10/11/17	Concedida			
75	3605714004105	19/01/18	Denegada	Unidad familiar non empadroada no municipio		
76	3605714004085	21/11/17	Denegada	Por non cumprimento do requisito De excepcionalidade	Denegada	Por no cumprimento del requisito de excepcionalidad
77	3605712000778	21/11/17	Denegada	Por non cumprimento do requisito De excepcionalidade		
78	3605721003984	21/11/17	Denegada	Por non cumprimento do requisito De excepcionalidade		
79	3605704004037	21/11/17	Denegada	Por non cumprimento do requisito De excepcionalidade		
80	3605713004019	24/01/18	Denegada	Non aportar documentación necesaria	Denegada	No aportar documentación necesaria
81	3605715004456	21/11/17	Denegada	Por non cumprimento do requisito De excepcionalidade		
82	3605723002949	29/11/17	Denegada	Unidad familiar non empadroada no municipio		
83	3605724003390	21/11/17	Denegada	O centro non conta con servizo de comedor	Denegada	Na modalidade b) excepcional non É subvencionable ningún curso
84	3605715004456	21/11/17	Denegada	Por non cumpri-		

	Nº Expediente	Data Resolución Concelleira	Estado comedor	Motivo denegación comedor	Estado libros	Motivo denegación libros
				mento do requisito De excepcionalidade		
85	3605721003984	21/11/17	Denegada	Por non cumprimento do requisito De excepcionalidade		
86	3605704004037	21/11/17	Denegada	Por non cumprimento do requisito De excepcionalidade		
87	3605705003763	21/11/17			Denegada	Na modalidade b) excepcional non É subvencionable ningún curso
88	3605721003982	21/11/17			Denegada	Na modalidade b) excepcional non É subvencionable ningún curso
89	3605701000713	21/11/17			Denegada	Na modalidade b) excepcional non É subvencionable ningún curso

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(318).- PROGRAMA MUNICIPAL CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES “RUNRUNVIGO 2018” E DOTACIÓN DE PREMIOS EN METÁLICO PARA OS PARTICIPANTES. EXPTE. 17057/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12/03/18 e o informe de fiscalización do 3/04/18, dáse conta do informe-proposta de data 9/03/18, asinado polo xefe do Servizo e director deportivo, o concelleiro de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuío de carreiras populares da Cidade de Vigo “RunRunVigo”. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.



Concello de Vigo

Este programa ten entre os seus fins fundamentais dar un novo pulo ó atletismo popular da cidade de Vigo. Desde a Concellería, co pleno convencemento do beneficio que supón a práctica do deporte para a cidadanía en xeral, continuando co traballo de dinamización do deporte popular, da un xiro ó circuío de carreiras populares na súa edición do ano 2018.

No ano 2018, o proxecto cumpre a súa novena edición, o que o converte nun dos grandes atractivos do ámbito do atletismo popular na cidade de Vigo ó longo do ano.

O programa RunRunVigo, que se desenvolve na da cidade de Vigo, estará configurado por 8 tradicionais probas que se celebran ó longo do ano 2018 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras.

PROBA	Distancia
XVIII Medio Maratón Vig Bay	21.097 m.
XI 10 Km. Cidade Universitaria de Vigo	10.000 m.
VI Carreira da Cereixa	10.000 m.
VI Carreira Nocturna Correndo por Vigo	10.000 m.
XXXIV Carreira Nocturna de San Xoán	8.600 m.
VIII 10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés	10.000 m.
XI Vigo+11	10.000 m.
VI Vigo Contra el Cáncer	10.000 m.

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuío, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no mesmo para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma servirá para establecer ó final do circuío os gañadores e gañadoras e primeiros clasificados/as no "Circuío RunRunVigo".

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do "Circuío", polo cal dende a Concellería de Deportes se propón o outorgamento duns premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuío.

Para a clasificación final das carreiras que integran o circuío 2018, que remata no mes de decembro de 2018, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 4.800,00 €.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €

F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
-----------	----------	----------	----------

En relación ás retencións obrigatorias por Lei, atenderase ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, tendo en conta o establecido no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que *“No existirá obrigación de practicar retención o ingreso a conta sobre as rentas seguintes:f) os premios.....cunha base de retención no sexa superior a 300€”*.

II- PROGRAMA MUNICIPAL RUNRUNVIGO 2018:

1.- PROBAS:

PROBA	Distancia
XVIII Medio Maratón Vig Bay	21.097 m.
XI 10 Km. Cidade Universitaria de Vigo	10.000 m.
VI Carreira da Cereixa	10.000 m.
VI Carreira Nocturna Correndo por Vigo	10.000 m.
XXXIV Carreira Nocturna de San Xoán	8.600 m.
VIII 10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés	10.000 m.
XI Vigo+11	10.000 m.
VI Vigo Contra el Cáncer	10.000 m.

2.- CATEGORÍAS PARTICIPANTES:

Femininas	Masculinas	Ano de nacemento
F-1	M-1	Entre 1979-1998 (ambos incluídos)
F-2	M-2	Entre 1969-1978 (ambos incluídos)
F-3	M-3	Entre 1959-1968 (ambos incluídos)
F-4	M-4	1958 ou anteriores

Os/As atletas quedarán inscritos a efectos de clasificación no circuío por ano de nacemento.

O/A atleta que, a nivel federativo, por cuestións relacionadas coa súa data de nacemento, cambie de categoría en parte das probas, puntuará, a efectos do circuío, na categoría inicialmente inscrito.

Os/As atletas das categorías 2, 3 e 4 poderán competir na categoría 1 unicamente se o especifican á organización na primeira proba na que se inscriban.

3.- INSCRIPCIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL “CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES RUNRUNVIGO 2018”:

- **Automática:** Os/as participantes inscritos/as en calquera das probas quedarán incluídos automaticamente no circuío RunRunVigo 2018 salvo petición contraria escrita dirixida polo/a atleta á organización do circuío.
- **Gratuíta:** A inscrición no circuío é gratuíta.



Concello de Vigo

- **Independente:** A inscrición no circuíto RunRunVigo 2018 é independente da que se realiza en cada unha das probas. Polo tanto, independentemente de estar inscritos no circuíto, o/a atleta deberá formalizar a inscrición en cada unha das probas segundo as normas específicas de cada unha delas.
- **Clasificación de Club:** Haberá unha clasificación final por equipos.

4.- PUNTUACIÓNS DAS PROBAS:

Os e as participantes no circuíto irán conseguindo puntuacións en cada unha das probas, as cales irán sumándose. A puntuación sairá da clasificación particular por categoría dos inscritos no circuíto segundo os tempos en cada proba do circuíto.

PUNTUACIÓNS POR PROBA	
1º clasificado/a	250 puntos
2º clasificado/a	200 Puntos
3º clasificado/a	150 Puntos
4º clasificado/a	125 Puntos
5º clasificado/a	100 Puntos
6º clasificado/a	90 Puntos
7º clasificado/a	80 Puntos
8º clasificado/a	75 Puntos
9º clasificado/a	70 Puntos
10º clasificado/a	60 Puntos
11º-15º clasificado/a	35 Puntos
16º-20º clasificado/a	30 Puntos
21º-50º clasificado/a	20 Puntos
51º-150º clasificado/a	15 Puntos
151º-300 clasificado/a	8 Puntos
301º-600 clasificado/a	5 Puntos
601º-900 clasificado/a	3 Puntos
901º-1200 clasificado/a	2 Puntos
>1200 clasificado/a	1 punto

5.- CONTROL E XESTIÓN DE RESULTADOS:

O Control e xestión dos resultados das probas estará centralizado a través dunha plataforma única. O Concello de Vigo, actualizará as clasificacións cos datos aportados por cada unha das probas, e publicará a clasificación.

O Concello de Vigo non se fai responsable dos posibles erros nas clasificacións remitidas por cada un dos organizadores das probas.

6.- PREMIOS FINAIS POR CATEGORÍAS:

6.1.- Os premios en metálico ós/ás gañadores/as do circuíto outórganse con independencia dos que cada unha das probas entrega ós mesmos.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €

*Para ter dereito ó premio metálico, o/a atleta deberá ter rematadas como mínimo 6 probas, e a categoría deberá contar cun mínimo de 5 atletas

inscritos/as que remataran polo menos 6 probas. Nas categorías F-3 e F-4, as atletas deberán ter rematado polo menos 5 probas, aínda que non haberá participación mínima esixida para optar ós premios en metálico. A estes importes aplicaranse as retencións obrigatorias por lei.

- Criterios de desempate: En caso de empate, utilizaranse os seguintes criterios no orde que se detalla en caso de persistir o empate:
 - 1º criterio: Nº de probas disputadas ó final do circuío.
 - 2º criterio: Nº de probas gañadas.
 - 3º criterio: Mellor posto na derradeira carreira do circuío.
- Galardóns para campións e campioas do circuío RunRunVigo 2018: ó remate do circuío, farase entrega nun acto de clausura do campionato dos premios correspondentes ós gañadores e as gañadoras do Circuío RunRunVigo 2018 en cada unha das categorías.

6.2.- PREMIO MELLOR CLUBE CIRCUÍTO RUNRUNVIGO 2018:

A organización outorgará o trofeo ó mellor club do circuío 2018. Na clasificación de entidades, irán computando os puntos que consigan todos os atletas de cada un dos clubs.

7.- RECLAMACIÓN:

Os participantes no circuío terán 5 días naturais desde a publicación da clasificación de cada unha das probas para remitir por escrito calquera reclamación á dirección de correo electrónico: vide@vide.es

–8.- INFORMACIÓN XERAL DO CIRCUITO RUNRUNVIGO 2018:

–Dispoñíbel en www.runrunvigo.com, www.vide.es e na Web da empresa que xestione os resultados.

–A listaxe coas puntuacións parciais da cada un dos e das participantes exporase na web do circuío www.runrunvigo.com e na da Fundación VIDE (www.vide.es).

III.- APLICACIÓN DOS PREMIOS EN METALICO.

Coa finalización das probas do Circuío RunRunVigo 2018, será tramitado por parte da Concellería de Deportes o correspondente expediente para a aprobación dos premios en metálico vinculados ó citado circuío, polo cal tendo en conta os antecedentes descritos, e atendendo a que a última proba do circuío ten como data de celebración prevista o mes de decembro de 2018, se deberá ter en conta os prazos necesarios para pechar a clasificación final e as reclamacións que podan existir, polo cal a tramitación da aprobación dos premios en metálico para as diferentes categorías se desenvolverá de maneira previa a celebración do acto da gala do circuío no cal se fan entrega ditos premios, e a mesma ten prevista a súa celebración no mes de xaneiro de 2019.

Os premios en metálico previstos do circuío RUNRUNVIGO 2018, ao tratarse de premios deportivos concedidos segundo unha clasificación xeral de todos os participantes nas



Concello de Vigo

carreiras incluídas no circuíto de carreiras RUNRUNVIGO 2018, non teñen directamente a consideración de subvencións, polo tanto, outorgaranse sen a previa solicitude dos interesados, consonte ao disposto no artigo 4 da LXS.

Para afrontar o gasto derivado do presente expediente, deberase imputar o mesmo ao capítulo IV do orzamento, polo cal, tendo en conta que a proposta do gasto derivada do correspondente expediente, no cal se propoña os gañadores do circuíto de carreiras RUNRUNVIGO 2018, será desenvolto no mes de xaneiro do ano 2019, a proposta de autorización do gasto será sobre a aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento do ano 2019.

IV.- PROPOSTA:

Tendo en conta os antecedentes descritos, e atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, previo informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o Programa Municipal Circuíto RunRunVigo 2018.

Segundo: Autorizar o gasto polo importe de 4.800,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “RunRunVigo 2018”, a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01, do orzamento do ano 2019.

Terceiro: Proceder a publicación Programa Municipal Circuíto RunRunVigo 2018, no entorno WEB www.runrunvigo.vigo.org, www.vigo.org e www.vide.es

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(319).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA- ANO 2018. EXPTE. 53392/511

Dáse conta da Resolución do concelleiro de Orzamentos e Facenda, de data 22/03/18, que di o seguinte:

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral)

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos de data 22-03-2018,

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano **2018** que comeza coa inscrición do vehículo matricula 0000BCS e remata coa inscrición do vehículo matricula ZA-9992-H, polo importe total de **14.483.377,06** euros (**Catorce millóns catrocentos oitenta e tres mil trescentos setenta e sete euros con seis céntimos**), correspondentes a un total de 193.973 vehículos e 152.888 recibos emitidos.

2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica a 1.408 vehículos de **titularidade de discapacitados** que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: ED” e “Ano de inicio.bonif: 2018” *(a exención para os restantes 4945 vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con efectos para varios exercicios).*

3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 3.100 vehículos con **emisións CO2 menores a 120grs/km** así como a 25 vehículos con **eficiencia enerxética A** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: CO2”, “Bonif. Fiscal: Enerxética” e “Ano de inicio.bonif: 2018” e a súa cota bonificada correspondente.

4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 21 **vehículos eléctricos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Eléctricos” e “Ano de inicio.bonif: 2018” e a súa cota bonificada correspondente *(a bonificación para os restantes 51 vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con carácter indefinido).*

5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 99 **vehículos híbridos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4a) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Híbrido” e “Ano de inicio.bonif: 2018” e a súa cota bonificada correspondente.

6.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 4 vehículos **adscritos a licenzas de auto taxi que utilizan combustible GLP** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4d) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: GLP” e “Ano de inicio.bonif: 2018” e a súa cota bonificada correspondente.



Concello de Vigo

7.- Aprobar a bonificación do 100% da cota do imposto a 34 vehículos con antigüidade anterior ao ano 1986 e con menos de 5000km percorridos, condicións establecidas no artigo 4 apartado 2.3) da ordenanza fiscal vixente, e que aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: Equip." (Equiparable a Históricos) e "Ano de inicio.bonif: 2018" e a súa cota bonificada correspondente.

A documentación xustificativa dos anteriores acordos de aprobación de beneficios fiscais que figuran nos apartados 2, 3, 4, 5, 6 e 7 anteriores, consta en expedientes individuais nas dependencias de xestión tributaria deste imposto e, así mesmo accesible aos interesados a través da "carpeta cidadá" da web do Concello.

8.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

9.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(320).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2018. EXPTE. 8336/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 20/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de febreiro do ano 2018.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria/o	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
8263-224	CMSE	Curso percusión e canto do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Elena Pérez Posada	23112260600	16/02/18	720,00 €
8216-224	CMSE	Cursos de axilidade mental e memoria do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mónica Calvo Serrano	23112260600	16/02/18	2.880,00 €
8219-224	CMSE	Curso de fotografía do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Ana Isabel Pérez Rodríguez	23112260600	23/02/18	1.440,00 €
8218-224	CMSE	Curso de risoterapia do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mª Pilar Lorenzo Represas	23112260600	16/02/18	720,00 €
8221-224	CMSE	Cursos de axilidade mental e memoria do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Asociación de Mulleres Monitoras	23112260600	16/02/18	2.880,00 €
8215-224	CMSE	Cursos de memoria, pilates e outros do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mª Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/02/18	6.912,00 €
8222-224	CMSE	Cursos de pilates do programa "Ser Muller é unha boa idea"	CSAR de Valladares	23112260600	16/02/18	2.160,00 €
8223-224	CMSE	Curso coñece acidade a través da historia e arte do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mª Purificación Pérez González	23112260600	16/02/18	720,00 €
8220-224	CMSE	Cursos de informática do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Uxía Cazorla Silva	23112260600	16/02/18	720,00 €
8224-224	CMSE	Cursos de pilates do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Susana Táboas Docampo	23112260600	16/02/18	1.440,00 €
8225-224	CMSE	Cursos de axilidade mental e memoria do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Romina Goberna Milego	23112260600	16/02/18	720,00 €
8264-224	CMSE	Cursos de axilidade mental e memoria do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Romina Goberna Milego	23112260600	16/02/18	720,00 €
8262-224	CMSE	Curso do módulo de igualdade do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Cristina Rodríguez Ramos	23112260600	16/02/18	432,00 €
8247-224	CMSE	Auditoría de xénero para a elaboración da fase diagnóstica e fase previa do plan de igualdade do persoal do concello	Eclos Consulting Group	23112270601	07/02/18	19.226,90 €
8240-224	CMSE	Mantemento da aplicación informática do Centro Municipal de Información das Mulleres	Aula Informática de Galicia SL	23112279905	14/02/18	1.174,43 €



Concello de Vigo

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
8273-224	CMSE	Obradoiros prevención da violencia de xénero e promoción da igualdade para centros de ensino da cidade	Ianire Estébanez Castaño	23112279906	28/02/18	3.000,00 €
8199-224	CMSU	Subministrados para os programas e actuacións realizadas desde os servizos adscritos a esta concellería	Xenérico	23112219900	27/02/18	12.300,00 €
8271-224	CMSE	Impartición de diversos obradoiros no segundo semestre do 2018 na Casa das Mulleres	Xenérico	23112279906	27/02/18	4.320,00 €
8272-224	CMSE	Realización das xornadas municipais sobre violencia de xénero	Xenérico	23112260602	27/02/18	8.500,00 €
8270-224	CMSE	Mantemento e pequenas reparacións dos servizos exteriores adscritos á concellería de Igualdade	Xenérico	23112120000	27/02/18	5.400,00 €
8261-224	CMSE	Organización e difusión da carreira deportiva "Vigo móvese pola Igualdade"	Xenérico	23112260600	16/02/18	11.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(321).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2018. EXPTE. 7411/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Festas e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2017, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de febreiro de 2018.

Expte: 7366/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO DE EFECTO PASILLO CON MOTIVO DO ENTROIDO 2018

Decreto concelleira data: 05/02/2018

Informe Intervención: RCM 14099

Adxudicatario: SOLIMUSIC EVENTS SLU

Importe total: 12.364,95 EUROS

Expte: 7374/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DUNHA CARREIRA POPULAR DE DISFRACES

Decreto concelleira data: 09/02/2018

Informe Intervención: RCM 14658

Adjudicatario: XESTIÓN COMERCIAL DE MERCADOS RETALLISTAS SL

Importe total: 14.000,91 EUROS

Expte: 7375/335. CONTRATACIÓN DA RETRANSMISIÓN TELEVISIVA DO DESFILE DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2018

Decreto concelleira data: 12/01/2018

Informe Intervención: RCM 14659

Adjudicatario: INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO SLU

Importe total: 14.478,71 EUROS

Expte: 7390/335. CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA OS ESTUDOS DE COMPROBACIÓN DE CARGAS DA CUBERTA DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS CON MOTIVO DOS ESPECTÁCULOS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2018

Decreto concelleira data: 28/02/2018

Informe Intervención: RCM 121072

Adjudicatario: NAM ARQUITECTOS SLP

Importe total: 8.167,50 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(322).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE A RECICLADORES AUTORIZADOS DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS RECICLABLES, DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6801/252.

Visto o informe de fiscalización do 22/03/18, dáse conta do informe-proposta de data 19/03/18, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, lo xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais, o concelleiro-delegado da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

- i. A entidade mercantil, "Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., e Contener España, S.L., U.T.E. (ley 18/1982 de 26 de maio)" en diante "VIGO RECICLA UTE", a medio do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 17 de xaneiro do 2018, Doc.: 180011303, como adjudicataria do concurso convocado para a Concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo, **solicitou a**



Concello de Vigo

décimo terceira revisión ordinaria do prezo do contrato que terá efectos na anualidade comprendida entre o 1 de outubro de 2016 e o 30 de setembro de 2017.

- ii. En data 21 de decembro do ano 2002 o Pleno do Concello de Vigo aprobou os Pregos de condicións para o contrato. Abriuse polo tanto o prazo de presentación de ofertas que rematou en marzo do ano 2003.
- iii. En data 1 de agosto do 2003, o Pleno do Concello de Vigo acordou adxudicar o contrato de concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo á mercantil VIGO RECICLA U.T.E.
- iv. En data 29 de setembro do 2003 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación do servizo o día 1 de outubro seguinte, rematando este o día 31 de marzo do ano 2017 e por un importe anual de 1.770.331,01 euros (ive 7% engadido) naquel momento.
- v. En data 5 de setembro do 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.822.702,61€ anuais para o período do 1 de xaneiro do 2005 ao 31 de decembro do mesmo ano.
- vi. En data 12 de xuño do 2007, a Xunta de Goberno Local aprobou a segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.902.094,74€ anuais para o período do 1 de outubro do 2005 ao 30 de setembro do ano 2006.
- vii. En data 4 de decembro do 2009, a XGL aprobou a terceira e cuarta revisións ordinarias do prezo do contrato, cuns coeficientes de revisión $K_{2006}=1,1718$ para o período 1/10/2006 a 30/09/2007, e $K_{2007}=1,230$ para o período 1/10/2007 a 30/09/2008.
- viii. En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- ix. En data 23/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2008}=1,2414$, e con efectos no período 1 de outubro do 2008 ao 30 de setembro do 2009.
- x. En data 14/10/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2009}=1,2724$, resultando un prezo total de 2.075.144,03€/ano ive 7% engadido, para o período 1 de outubro do 2009 ao 30 de setembro do 2010 (2.094.537,90€/ano ive 8% engadido).
- xi. En data 27/04/2012 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 2.823.217,50 euros. A recuperación do capital invertido e o seu financiamento autorizouse mediante a facturación mensual de cuotas fixas xiradas ao Concello de Vigo a partir do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos.
- xii. En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.

- xiii. En data 21/12/2012 a XGL aprobou a septima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2010}=1,3315$ para o período 1/10/2010 a 30/09/2011, do que resultou un prezo do contrato de 2.200.165,80€/ano (IVE 10% engadido).
- xiv. En data 23 de abril do 2013 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, conforme ao disposto por acordo da XGL de 27 de abril do 2012.
- xv. En data 10/10/2014 a XGL acordou aprobar a nova cuota de amortización máis financiamento para a inversión realizada pola empresa na renovación dos medios materiais e maquinaria, con efectos dende o 1 de decembro do ano 2013 e ata o final do contrato (40 mensualidades), por importe de 535.427,53€/ano (sen iva). Este novo importe, modifica o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser de 684.543,90 euros, dos que 535.427,53€ son polos novos medios incorporados e 149.116,37€ polos medios non renovados que se amortizan a 13,5 anos dende o inicio do contrato.
- xvi. En data 8/05/2015 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2011}=1,3904$ para o período 1/10/2011 a 30/09/2012. Desta revisión resultou un prezo actualizado do contrato para o ano 2015 de 2.325.495,01€/ano (IVE 10% engadido).
- xvii. En data 9/05/2015 a XGL aprobou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2012}=1,4278$ para o período 1/10/2012 a 30/09/2013, do que resultou un prezo do contrato de 2.309.077,93 €/ano (IVE 10% engadido).
- xviii. En data 20/11/2015 a XGL aprobou a décima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2013}=1,4318$ para o período 1/10/2013 a 30/09/2014, do que resultou un prezo do contrato de 2.372.317,05 €/ano (IVE 10% engadido), incluíndo xa a nova cuota de Amortización máis Financiamento da inversión nos novos vehículos e medios materiais renovados, que foran aprobados por acordo da XGL de 27/04/2012.
- xix. En data 23/09/2016 a XGL aprobou a décimo primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2014}=1,4199$ para o período 1/10/2014 a 30/09/2015, do que resultou un prezo do contrato de 2.358.858,54 €/ano (IVE 10% engadido).
- xx. En data 23/02/2017 a XGL aprobou a décimo segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2015}=1,4166$ para o período 1/10/2015 a 30/09/2016, do que resultou un prezo do contrato de 2.355.126,35 €/ano (IVE 10% engadido). Esta revisión aprobouse considerando os **índices** publicados para o período **outubro 2015 setembro 2016**.
- xxi. En data 31 de marzo do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a **PRORROGA** do contrato. O acordo autorizou unha prórroga de como máximo un ano, no período que media entre o día 1 de abril do 2017 e o 31 de marzo do ano 2018. O prezo do contrato quedou reducido para este período na cota de amortización máis financiamento dos medios materiais empregados dado que estes estaban completamente amortizados na data do inicio da prórroga. O novo prezo anual aprobado para o período de prórroga foi de 1.508.003,27€/ano. Este prezo contempla a actualización aprobada pola Xunta de Goberno Local de 23 de febreiro do 2017 (12ª revisión ordinaria) cos índices publicados para o período outubro 2015 a setembro 2016. Este



Concello de Vigo

prezo da prórroga se fai efectivo a partir do día do inicio desta e lle son de aplicación as revisións tanto ordinarias como extraordinarias que correspondan conforme ao recollido no contrato dado que a prórroga está supeditada ás mesmas condicións do contrato que se prorroga.

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeu o procedemento de contratación.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso, e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

a) Revisión Ordinaria:

O prezo contractual será obxecto de revisión anual conforme á seguinte fórmula:

Prezo actualizado = [(Po – Amortización) K + Amortización] • T

Na que:

- *Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.*
- *T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do IVE aplicable á operación.*

- $K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$

A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centésimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto Amortización defínese como o “valor do termo constante da renda inmediata post- pagable necesaria para amortiza-lo capital invertido - obxecto de reversión- en “n” períodos de tempo, o tanto unitario “i”, en base a pagamentos mensuais”.

O tanto unitario “i” será o EURIBOR a un ano (ou inmediato prazo inferior) ou índice que o substitúa o día que se publique o anuncio de licitación no BOE, máis una marxe de 1 punto porcentual ou menor diferencial que poidan ofrece-los licitadores nas súas propostas económicas.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia MIBOR que sexa de aplicación aumentando ou diminuíndo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferencias positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos á seguinte restrición: $A+B+C =1$ e deberán ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

Mt/Mo = Índice Xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións $Mt/Mo = Cpn (t) /Cpn (o)$ sendo “Cpn” o custe medio real para a categoría de peón-noite , segundo convenio colectivo nos anos “t” de revisión e “o” do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual deste índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

Gt = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano de revisión (t).

Go = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o) (0,694 €/l).

Rt = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

Ro = outros gastos, no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado, así como as posibles ampliacións que poidan producirse durante vixencia deste.



Concello de Vigo

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato, a partir do mes de xaneiro do ano seguinte ó do inicio do contrato.

Visto o anterior e dado que xa se teñen aprobadas doce revisións ordinarias do prezo do contrato previas a esta solicitude, a última con efectos dende o 1 de outubro do 2015 ao 30 de setembro de 2016, procede neste momento tramitar a décimo terceira revisión que conforme ao PPAP se determina mediante a fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(\text{Prezo a orixe} - \text{Amortización}) \cdot K_t + \text{Amortización}] \cdot T$$

$$\text{donde} \quad K_t = A \cdot \frac{M_t}{M_0} + B \cdot \frac{G_t}{G_0} + C \cdot \frac{R_t}{R_0}$$

Os valores dos coeficientes de ponderación fixados polo adxudicatario na súa oferta son:

$$\mathbf{A=0,48; B=0,08; C=0,44}$$

3.- DETERMINACIÓN DO COEFICIENTE DE REVISIÓN (Kt)

Para o cálculo do coeficiente de revisión K_t que corresponde neste momento [$K_{2016}=0,48 \cdot (M_t/M_0) + 0,08 \cdot (G_t/G_0) + 0,44 \cdot (R_t/R_0)$], determinaránse en primeiro lugar cada un dos compoñentes dos seus sumandos, do xeito que se expón a continuación:

a) M_t/M_0

Tal como indica o prego, este compoñente da fórmula de revisión corresponde ao incremento real dos custos de persoal obtidos segundo a seguinte expresión: $M_t/M_0 = Cpn(2003)/Cpn(2016/2017)$, sendo $Cpn(2003)$ o custe de persoal para a categoría peón na quenda de noite no ano en que remata o prazo para presentación de ofertas (marzo do ano 2003), cuxo importe é de 15.829,65 euros, e o Cpn o custe para a mesma categoría no ano de revisión que comprende o período outubro a decembro do 2016 e xaneiro a setembro do 2017.

Para a obtención do Cpn no ano de revisión, dado que dito período contén parte do custe dese concepto de dúas anualidades "naturais" diferentes (anos 2016 e 2017), deberase obter un custe medio nese intervalo, este custe medio obterase aplicando ao custe do concepto a revisar, $Cpn(2003)$ ano "orixen", o incremento acumulado do IPC, dende o ano de adxudicación, ata decembro de 2016 e decembro de 2017 respectivamente, mais 1,5 puntos porcentuais como máximo, obtendo desta forma un custe anual (CPN) para cada un dos anos. Posteriormente, e segundo o número de mensualidades de cada un dos anos que comprende o período de revisión (3 mensualidades do ano 2016 e 9 mensualidades do ano 2017), obterase o custe medio que se utilizará para calcular o incremento producido con respecto ao custe peón no ano de finalización de presentación de ofertas.

O feito de que se aplique o incremento do IPC ata o mes de decembro de cada un dos anos que comprende o período de revisión, obedece a que tal como se recolle no PCA que rexeu a contratación, a comparación entre custes deste concepto Cpn , realizarase entre o custe a

orixe e o custe do período de revisión, e este custe obtense, tal como se recolle no Convenio colectivo da empresa, por aplicación do IPC "real do ano", ao custe da anualidade anterior. Como vemos é o "IPC real" do ano en cuestión o que se aplica para obter o custe salarial, e non o IPC das doce mensualidades inmediatamente anteriores, tal como sucede en outros contratos.

Tomando o ano 2003 como custe inicial ($M_0=100,00$), calcúlanse os incrementos:

- Ano de referencia 2003: 100%	
- Incremento dec 2003/2004 + 1,5 puntos : 4,7 % incremento acumulado	1,0470
- Incremento dec 2004/2005 + 1,5 puntos: 5,2 % incremento acumulado	1,1014
- Incremento dec 2005/2006 + 1,5 puntos: 4,2% incremento acumulado	1,1477
- Incremento dec 2006/2007 + 1,5 puntos: 5,7 % incremento acumulado	1,2131
- Incremento dec 2007/2008 + 1,5 puntos: 2,9 % incremento acumulado	1,2483
- Incremento dec 2008/2009 + 1,5 puntos: 2,3% incremento acumulado	1,2770
- Incremento dec 2009/2010 + 1,5 puntos: 4,5% incremento acumulado	1,3345
- Incremento dec 2010/2011 + 1,5 puntos: 3,9% incremento acumulado	1,3865
- Incremento dec 2011/2012 + 1,5 puntos: 4,4% incremento acumulado	1,4475
- Incremento dec 2012/2013 + 1,5 puntos: 1,8% incremento acumulado	1,4736
- Incremento dec 2013/2014 + 1,5 puntos: 0,5% incremento acumulado	1,4810
- Incremento dec 2014/2015 + 1,5 puntos: 1,5% incremento acumulado	1,5032
- Incremento dec 2015/2016 + 1,5 puntos: 3,1% incremento acumulado	1,5498
- Incremento dec 2016/2017 + 1,5 puntos: 2,60% incremento acumulado	1,5901

Custe peón noite (convenio) entre outubro- decembro de 2016 (3 meses):

$$15.829,65 \times 1,5498 \cdot 3/12 = 6.133,08 \text{ euros.}$$

Custe peón noite (convenio) xaneiro- setembro 2017 (9 meses):

$$15.829,65 \times 1,5901 \cdot 9/12 = 18.877,61 \text{ euros.}$$

Custe medio peón para o período de revisión (outubro 2016/ setembro 2017) sería:

$$Cpn = 6.133,08 + 18.877,61 = 25.010,68 \text{ euros anuais.}$$

Se este custe medio calculado (25.010,68) o dividimos polo custe para a mesma categoría no ano orixen (ano 2003), cuxo importe era de 15.829,65 euros, o compoñente da fórmula $Cpn(2003)/Cpn(2016/2017)$ resulta:

$$M_t/M_0 = 1,5800 \quad (25.010,68 / 15.829,65)$$

Procede neste intre realizar unha comprobación para verificar que o custe así calculado é igual ou inferior ao custe real soportado pola concesionaria, dado que o incremento $IPC+1,5\%$ é o máximo permitido polo prego, pero o custe real podería ser inferior polo que a revisión debería contemplar tal circunstancia.

O custe actual do peón noite por aplicación dos sucesivos convenios colectivos en vigor ascende a 28.719,84€, o que representa un 81,43% sobre o inicial, mentras que o límite do



Concello de Vigo

IPC+1,5 está no 59,01% desde a orixe. Como se aprecia, o incremento revisado é inferior ao soportado pola empresa o que demostra que a subida salarial dos traballadores non é inferior ao límite contractual. Nestas circunstancias é correcto revisar o prezo do contrato polo máximo marxe anual permitido no prego (1,5%), no referente ao incremento dos custes de persoal.

b) Gt/Go

Go corresponde ao incremento do custe medio ponderado do combustible para o ano de licitación (2003), cuio valor é 0,694€/lit conforme ao prego de condicións, e Gt ao custe medio ponderado do combustible para o ano de revisión (2016/2017).

Obtense este valor do prezo medio mensual do combustible publicado polo Ministerio de Industria de xeito que:

Mes	Precio mes
Outubro 2016	1,0644
Novembro 2016	1,0517
Decembro 2016	1,1029
Xaneiro 2017	1,1282
Febreiro 2017	1,1297
Marzo 2017	1,1113
Abril 2017	1,1154
Maio 2017	1,0863
Xuño 2017	1,0535
Xullo 2017	1,0518
Agosto 2017	1,0705
Setembro 2017	1,0904

MEDIA= **1,0880**

polo tanto o valor do coeficiente resulta:

$$\mathbf{Gt/Go = 1,5677} \quad (1,0880 / 0,694)$$

c) Rt/Ro

Rt son outros gastos no momento de revisión, calculados por aplicación do IPC nacional correspondente ao mes no que se realiza a revisión, e Ro outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ao mes no que finalice o prazo de presentación de proposicións (marzo do 2003).

Da páxina oficial do Instituto Nacional de Estatística obtemos a variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2016 dende Marzo de 2003 ata setembro do 2016, igual a 28,0%

$$\mathbf{Rt/Ro = 1,2800.}$$

d) Determinación do coeficiente de revisión (K_{2016}):

O coeficiente de revisión para a anualidade a revisar (setembro 2016/2017), tendo en conta os valores dos coeficientes de ponderación fixados na oferta do adxudicatario A=0,48; B=0,08; C=0,44, resulta:

$$K_t = A \cdot \frac{M_t}{M_0} + B \cdot \frac{G_t}{G_0} + C \cdot \frac{R_t}{R_0}$$

$$K_{2016} = (0,48 \times 1,5800) + (0,08 \times 1,5677) + (0,44 \times 1,2800) = 1,4470138745$$

Este valor debe aproximarse a cinco cifras significativas como máximo, para que sexa manexable e uniforme á hora de realizar os cálculos da revisión do prezo, xa que por mor dos importes que se manexan, os redondeos inflúen no resultado final. Así:

$$K_{2016} = 1,4470.$$

4.- DETERMINACIÓN DO IMPORTE A DESCONTAR POLO TERMO DA AMORTIZACIÓN MÁIS O FINANCIAMENTO DURANTE A PRÓRROGA DO CONTRATO:

Conforme ao indicado na cláusula IX-2ª do PPAP que rexe o actual contrato e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

“2.- o prazo establecido poderá prorrogarse unicamente ata por un ano máis para o suposto de que a contratación do novo servizo non estivese rematada ao vencemento do presente contrato.

No suposto de que a prórroga se materialice mediante o correspondente acordo do Pleno da Corporación, o prezo do contrato verase automaticamente reducido polo importe equivalente aos custos de amortización da totalidade dos elementos materiais afectos ao contrato por estar estes totalmente recuperados e agotada a súa vida útil. Esta redución comenizará a devengarse o primeiro día no que a prórroga ente en vigor.

Así mesmo, deducirase do prezo do contrato o importe correspondente aos gastos xerais e beneficio industrial que proporcionalmente se correspondan co importe das amortizacións.”

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 31/03/2018 acordou prorrogar para o periodo comprendido entre o 01 de abril do ano 2017 ao 31 de marzo do ano 2018, o Contrato de concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbans reciclables da Cidade de Vigo. A prórroga implica a redución do prezo anual do contrato na cantidade que corresponde coa cuota de Amortización máis Financiamento dos medios materiais empregados (tanto instalacións fixas como vehículos e demais elementos), xunto co correspondente importe dos gastos xerais (GG) e do beneficio industrial (BI) que proporcionalmente corresponden con eles.

Na oferta do adxudicatario estableceuse un 7,5% de Gastos Xerais (GG), e un 5% de Beneficio Industrial (BI), polo que :

Importe do A+F a 8 anos (sen IVE):	535.427,53€
------------------------------------	-------------



Concello de Vigo

Importe do A+F a 13,5 anos (sen IVE):	149.116,37€
Total A+F (sen IVE):	684.543,90€
GG +BI (7,5%+5%=12,5%) do Total A+F	85.567,99€
Total a descontar anualmente (sen IVE):	770.1111,89€
Total a descontar anualmente con ive 10% engadido:	847.123,08€

5.- CÁLCULO DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:

Consonte co recollido na fundamentación xurídica deste informe, procede unha nova revisión ordinaria do prezo do contrato para o período 1 de outubro do 2016 a 30 de setembro do 2017, calculada coa fórmula polinómica e os coeficientes especificados anteriormente.

Este período de revisión quedará dividido en dous intervalos delimitados pola data de inicio da prórroga do contrato o día 1 de abril do ano 2017. Na prórroga do contrato aprobada pola XGL de data 31/03/2017 estableceuse un prezo calculado descontando o termo da amortización máis o financiamento das inversións realizadas pola empresa e xa abonadas polo Concello durante o contrato.

A partir do 1 de decembro do ano 2013, produciuse a incorporación dos medios materiais e maquinaria renovados o que implicou a introducción da nova cuota do termo da amortización máis o financiamento aprobada pola XGL de 10/10/2014: 684.543,90€/ano.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) gravou durante o período de revisión o custe do contrato cun 10% de incremento, polo que o novo prezo resulta:

- Período 1 de outubro do 2016 a 31 de marzo do 2017:

$\text{Prezo} = [(1.659.318,35 - 631.166,40) \cdot 1,4470 + 684.543,90] \cdot 1,10 = 2.389.507,75\text{€/ano}$

O que supón unha diferenza de 34.381,40€/ano (2.865,12€ ao mes), co prezo facturado actualmente.

- Período 1 de abril do 2017 a 30 de setembro do 2017 (contrato prorrogado):

$\text{Prezo} = 2.389.507,75 - 847.123,08 = 1.542.384,67\text{€/ano}$

O que supón unha diferenza de 34.381,40€/ano (2.865,12€ ao mes), co prezo facturado actualmente.

- Período a partir do 1 de outubro do 2017 (contrato prorrogado):

A partir do 1 de xuño do 2017 procederá unha ou varias novas revisións ordinarias do prezo do contrato que mentres non se acorden polo órgano competente, prorrogarase o prezo anteriormente calculado, coas variacións que as modificacións no imposto sobre o valor engadido e outros aspectos veñan a obrigar.

6.- CÁLCULO DE ATRASOS

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión de prezos, computado nos meses exactos de cada período, e ata o día 31 de decembro do ano 2017. Non se consideran como atrasos as cantidades non facturadas por calquera motivo no ano en curso 2018 e que serán regularizadas en todo caso este exercicio económico.

- Período 1 de outubro do 2016 a 31 de marzo do 2017:

Neste período a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 2.355.126,35€/ano (196.260,53 €/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 23/02/2017. Este importe xa contemplaba a nova cuota de Amortización máis Financiamento pola renovación de vehículos e equipos.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 2.389.507,75 €/ano (199.125,65€/mes), polo que a diferenza para seis meses é de:

$$2.389.507,75 - 2.355.126,35 \cdot (6/12) = 17.190,70\text{€ (ive 10\% engadido)}$$

- Período 1 de abril do 2017 a 30 de setembro do 2017 (contrato prorrogado):

Neste período, a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 1.508.003,27€/ano (125.666,93€/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 31/03/2017 (prórroga do contrato). Este importe xa non incluía cuota de Amortización máis o Financiamento incrementada cos Gastos Xerais e o Beneficio Industrial.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 1.542.384,67 €/ano (128.532,06€/mes), polo que a diferenza para seis meses é de:

$$1.542.384,67 - 1.508.003,27 \cdot (6/12) = 17.190,70\text{€ (ive 10\% engadido)}$$

- Período do 1 de outubro do 2017 ao 31 de decembro do 2017 (contrato prorrogado):

Neste período procede a prórroga do prezo anterior, polo que a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 1.508.003,27€/ano (125.666,93€/mes).

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 1.542.384,67 €/ano (128.532,06€/mes), polo que a diferenza para tres meses é de:

$$1.542.384,67 - 1.508.003,27 \cdot (3/12) = 8.595,35\text{€ (ive 10\% engadido)}$$



Concello de Vigo

TOTAL de atrasos:

$$17.190,70\text{€} + 17.190,70\text{€} + 8.595,35\text{€} = 42.976,75\text{€}$$

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Aprobar a 13ª revisión ordinaria do prezo do contrato de Concesión do Servizo de conterización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo, cuxa adxudicataria é a empresa VIGO RECICLA U.-T.E., fixando un coeficiente de revisión a partir do día 1 de outubro de 2016 en $K_{2016} = 1,4470$.
2. Aprobar un novo prezo revisado para o contrato de:
 - a) 2.389.507,75€/ano (ive 10% engadido) para o periodo 1 de outubro do 2016 a 31 de marzo do 2017.
 - b) 1.542.384,67€/ano (ive 10% engadido) para o periodo 1 de abril a 30 de setembro do 2017.
3. Prorrogar o prezo calculado de 1.542.384,67€/ano (ive 10% engadido), pendente das revisións que correspondan, ata o día 31 de decembro do 2017.
4. Establecer como prezo actualizado do contrato para o ano 2018, pendente das revisións que correspondan no futuro, o de 1.542.384,67€/ano (IVE 10% engadido), supoñendo unha diferenza de 34.381,40€/ano (2.865,12€ ao mes), co prezo facturado actualmente.
5. Recoñecer á empresa concesionaria, en concepto de atrasos pola diferenza do prezo revisado co prezo realmente facturado ata o día 31 de decembro do 2017, o importe de 42.976,75€, imputando o gasto á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1621..2270015 "recollida selectiva do lixo" do vixente orzamento municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(323).- APROBACIÓN INICIAL DA REVISIÓN DO "MAPA ESTRATÉXICO DE RUÍDO DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2017, FASE 3ª". EXPTE. 13339/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 23/03/18, asinado polo xefe de Medio Ambiente e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1.- A Concellería delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 16 de marzo de 2018, inicio procedemento administrativo para a aprobación do “Documento de revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª”.

I.2.- A Xunta de Goberno Local en data do 10 de marzo de 2008, aprobou o Mapa de Ruído do Concello de Vigo (MER, ano 2007, fase 1ª), redactado pola sociedade mercantil Labein, S.L. por encargo da Concellería de medio Ambiente do Concello de Vigo (expte. 5381/306).

I.3.- A Xunta de Goberno Local en data do 08 de agosto de 2013, aprobou definitivamente a Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2012, fase 2ª (expte. 9387/306).

I.4.- A concellería de Medio Ambiente encargou no ano 2017, a revisión (fase 3ª) do citado Mapa Estratéxico de Ruído (MER) á Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servicios de Telecomunicacións, S.L..

As devanditas entidades presentaron o documento de revisión en decembro de 2017.

II.- ANÁLISE DO DOCUMENTO

II.1.- A documentación entregada definitivamente da Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, está composta de:

- a) Memoria da revisión (fase 3ª).
- b) Memoria resumo da revisión (fase 3ª).
- c) Planos A-3 de niveis de ruído durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por tráfico viario.
- d) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por tráfico ferroviario.
- e) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por actividade industrial
- f) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, globais (tráfico viario, ferroviario e industrial) do termo municipal

Dita documentación foi entregada en soporte papel (tres exemplares) e en soporte dixital (tres exemplares en “pendrive” que incorpora arquivos Gis e CadnA). No contido dos “pendrives” consta, tamén, a versión da memoria en lingua galega e en lingua castelá, e a documentación para entrega ó correspondente Ministerio para a súa remisión á UE, a través da Xunta de Galicia: Concelleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

II.2.- Aspectos esenciais da revisión:

Os aspectos esenciais da revisión do mapa estratéxico de ruídos do ano 2017 (fase 3ª) refírense ás modificacións producidas no termo municipal dende a última revisión, datos do ano 2012, ata o ano 2017 (incluído) que afectan ao Mapa Estratéxico de Ruídos, os cales poden resumirse sucintamente en:

- Datos demográficos: Manexáronse datos de poboación existente a maio de 2017 segundo o padrón municipal de habitantes, a poboación total descendeu en 9.713 habitantes. O principal descenso detectouse nas parroquias de Centro de Vigo (24.058 hab.) e Zamáns (10.050 h), o principal incremento produciuse na parroquia de Teis (17.812 hab.)



Concello de Vigo

- Infraestruturas do transporte: Revisión principais vías do termo municipal. Incorporación datos posta en marcha da estación de ferrocarril Vigo-Urzáiz; incorporación datos modernización vías e aumento tráfico na cotorna do hospital Alvaro Cunqueiro -estrada Clara Campoamor e na VG 20-.
- Industria: Actualización focos industrias de Vigo, eliminación de focos que cesaron na actividade e incorporación dos novos do tecido industrial. Revisión principais focos con actividade industrial: Área Portuaria de Bouzas, Porto de Vigo, estaleiros e peiraos en Teis, Zona Franca Balaidos, Área industrial polígono do Caramuxo; contorna Estrada de Camposancos; Parque Tecnolóxico de Vigo.
- Incorporación de novos desenvolvemento urbanos: plan parcial de Navia; urbanización San Andrés residencial; urbanización Miraflores; Urbanización Avda. Ramón Nieto; Urbanización en Alcabre; edificios Enrique A. Xalueiro; edificio Avda. de Galicia, urbanizacións en Avda. Cesáreo Vázquez; urbanización Avda. Ricardo Mella, urbanización estrada Composancos, urbanizacións camiño Freixeiro, edificios avda Aeroporto, hospital Álvaro Cunqueiro, estación de Vigo-Urzaiz.
- Incorporación ao mapa da rede actual de tráfico na cidade, novos viarios, recollendo as importantes humanizacións de rúas, os fluxos de tráfico existentes no ano 2017.

II.3.- Metodoloxía:

Realizouse, inicialmente, unha caracterización do termo municipal de Vigo en relación co terreo, condicións meteorolóxicas, vías de circulación, edificios e poboación, fontes do ruído.

Utilizouse a ferramenta de software CadnaA 4.6., na súa versión XI, software profesional para o cálculo, presentación, avalización e predición do ruído ambiental, da cal conta o Concello de Vigo coa correspondente licenza.

A metodoloxía utilizada de avaliación baséase no determinado na Directiva 2002/49/C, na recomendación 2003/613/CE, na Lei 37/2003, no RD 1513/2005 e RD 1367/2007.

Os métodos de cálculo utilizados para cada un dos tipos de ruído considerado son:

- NMPB-Routes-96 para o cálculo dos niveis de ruído debidos ó tráfico rodado.
- SMR-II (actualización do método RMR) para o cálculo dos niveis de ruído debidos ao tráfico ferroviario;
- ISO 9613, para o cálculo dos niveis de ruído debidos á actividade industrial.

A partir dos resultados que arroxen os métodos anteriores, os métodos de avalización utilizados para cuantificar o grao de afección acústica do territorio e de poboación expostos están determinadas na Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, anexo II, mediante o método END (Environmental Noise Directive 2002/49/CE) que asume que todos os residentes dun edificio son susceptibles de estar expostos ao maior nivel de ruído que se rexistre nas súas fachadas.

A Directiva UE 2015/996 da Comisión, de 19 de maio de 2015, pola que se establecen os métodos comúns de avalización do ruído en virtude da Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, modifica o anexo II da directiva antes citada do 2002, mediante a definición de método europeo harmonizado para o cálculo de niveis de ruído, denominado CNOSSOS (Common Noise aSSessment methOdS), que entrará en vigor con carácter vinculante a partir do 31 de decembro de 2018, con que se obteñen valores máis próximos á realidade xa que reparte dun xeito máis proporcional a probación dun edificio entre as diferentes curvas isófonas que inciden sobre este.

A documentación da revisión do mapa estratéxico de ruídos avalía estes resultados de poboación exposta ó ruído utilizando os dous métodos END e CNOSSOS, con atención no resultado final ó novo método CNOSSOS xa que se axusta máis á realidade existente, será obrigatorio para os próximos anos e revisións do MER, é utilizado polas distintas administracións públicas nesta revisión segundo información facilitada pola Administración medioambiental autonómica e estatal.

Con carácter xeral, mantívose a metodoloxía de recopilación de información e tratamento dos datos das diferentes fontes de ruídos establecidas para a elaboración do Mapa Estratéxico de Ruído (MER), fase 1ª do ano 2007 e fase 2ª do ano 2012.

Os parámetros de avaliación do ruído ambiental son os determinados nas citadas normas:

Ld; nivel de avaliación de ruído no período de día, comprendido entre as 7 e as 19 horas.

Le; nivel de avaliación de ruído no período comprendido entre as 19 e as 23 horas.

Ln; nivel de avaliación do ruído no período comprendido entre as 23 e as 7 horas.

Ldem; avaliar a molestia que produce o ruído nas persoas. Representa un valor representativo medio das 24 horas do día.

Avaliáronse os datos de ruídos globais xerados polas rúas e estradas, ferrocarril e industria, como esixen as normas citadas cara a documentación á remitir á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e UE.

O estudo da propagación do ruído levouse a cabo a través do programa informático CadnaA que efectúa os cálculos conforme as norma citadas unha vez configurado axeitadamente e introducidos os datos precisos de partida.

A revisión do mapa proporciona uns resultados globais do termo municipal, e non atende a situacións particulares concretas que deben ser obxecto dun estudo concreto e pormenorizado.

Os resultados refírense a solo exposto, poboación exposta ás distintas fontes de ruído: tráfico viario, ferrocarril, actividade industrial e global (todas as anteriores), nos horarios día, tarde, noite e global dita-tarde-noite, aténdonos o índices de ruído establecidos nas distintas áreas acústicas como obxectos de calidade acústica para ruído aplicables á áreas urbanizadas existentes (Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro).

Os obxectos de calidade acústico establecidos na referida norma e recollidos no mapa son os seguintes:

Táboa 4 - Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes

Tipo de área acústica	Índices de ruído		
	Ld	Le	Ln



Concello de Vigo

e	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente, e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	60	60	50
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial	65	65	55
d	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c)	70	70	65
c	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	73	73	63
b	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	75	75	65
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen (1)	(2)	(2)	(2)

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas axeitadas de prevención da contaminación acústica, en particular, mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a), do artigo 18.2. da lei 37/2003, de 17 de novembro.

(2) No límite do perímetro destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindeiras con eles.

Nota. Os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.

II.4.- Análise de resultados

As conclusións globais relativas ao termo municipal, comparando a situación do ano 2017 (revisión MER fase 3ª), coa do ano 2012 (Revisión MER 2012, fase 2ª), que citamos sucintamente, son as seguintes:

II.4.1.- Solo total exposto.- Produciuse un importante descenso de solo exposto no ano 2017:

Tomando como referencia os criterios de afección $L_d > 65$ dBA, $L_e > 65$ dBA, $L_n > 55$ dBA e $L_{den} > 65$ dBA, obtéñense resultados reflectidos en táboas nos que se deduce que, en xeral, a afección de ruído sobre o solo diminuíu entre os anos 2012 e 2017, nas seguintes proporcións e cantidades:

- No período día, o terreo exposto a $L_d > 65$ dBA diminuíu nun 3,8% (4 km²).
- No período tarde, o terreo exposto a $L_e > 65$ dBA diminuíu nun 4,5% (4,7 km²).
- No período noite, o terreo exposto a $L_n > 55$ dBA diminuíu nun 10,7% (11,2 km²).
- No período global (24 h), o terreo exposto a $L_{den} > 65$ dBA diminuíu nun 7,2% (7,5 km²).

II.4.2.- Poboación total exposta: Destaca a diminución en 2017 de poboación exposta aos rangos de ruído máis elevados, neste sentido, o período de noite foi no que máis descendeu a poboación exposta ó ruído, e no período de tarde e día o descenso da poboación exposta foi case que coincidente.

Dos resultados obtidos advírtese o notable descenso en 2017 de poboación exposta aos rangos de ruído máis elevados. En particular, tomando como referencia o criterio de afección $L_{den} > 65$ dBA (poboación exposta en período global de 24 horas) obtéñense os resultados nos que se comproba que

a afección de ruído sobre a poboación diminuíu entre os anos 2012 e 2017, nas seguintes proporcións e cantidades:

a) Co método de avaliación END, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu nun 11,5% con respecto a 2012 (método END), o que equivale a case 40.000 persoas menos.

b) Co método de avaliación CNOSSOS, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu en case un 43% con respecto a 2012 (método END), pasando dun 63,3% a só un 20,6%, o que se traduce en aproximadamente 130.000 persoas menos.

II.4.3.- Solo exposto por fontes de ruído: A principal fonte de ruído que afecta á superficie do municipio segue a ser o tráfico viario, moi por encima do tráfico ferroviario e dos focos industriais.

En todo caso, se analizamos o ruído do tráfico viario obsérvase que tomando como referencia os criterios de afección $L_d >65$ dBA, $L_e >65$ dBA, $L_n >55$ dBA e $L_{den} >65$ dBA, obtéñense resultados dos que se deduce que, en xeral, a afección de ruído do tráfico sobre o solo diminuíu entre os anos 2012 e 2017, nas seguintes proporcións e cantidades:

- No período día, o terreo exposto ó ruído do tráfico a $L_d >65$ dBA diminuíu nun 3,8% (4 km² aprox.).
- No período tarde, o terreo exposto ó ruído do tráfico a $L_e >65$ dBA diminuíu nun 4,3% (4,5 km² aprox.).
- No período noite, o terreo exposto ó ruído do tráfico a $L_n >55$ dBA diminuíu nun 10,3% (10,8 km² aprox.).

O solo exposto ó ruído ferroviario diminuíu lixeiramente, debido principalmente á posta en marcha da nova estación ferrocarril Vigo-Urzaiz, cuxas liñas de entrada e saída transcorren baixo terra ata máis alá dos límites de Vigo, pola parroquia de Teis. Tamén se produce unha lixeira diminución do solo exposto ó ruído industrial.

II.4.4.- Poboación exposta por fontes de ruído: Tamén, se constata que a principal fonte de ruído que afecta á poboación exposta segue a ser o tráfico viario, moi por encima do tráfico ferroviario e dos focos industriais.

Tamén se confirma unha importante diminución en 2017 de poboación exposta por tráfico viario a rangos de ruídos máis elevados. Neste sentido, en función do criterio de afección por ruído viario no período global (24 horas) $L_{den} >65$ dBA:

a) Co método de avaliación END, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu en case un 12% con respecto a 2012 (método END), o que se traduce nunhas 40.000 persoas menos.

b) Co método de avaliación CNOSSOS, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu ao redor dun 43% con respecto a 2012 (método END), pasando dun 63,3% a un 20,5%, o que supón unhas 130.000 persoas menos.

Respecto ó ruído ferroviario e de actividade industrial non existen variacións significativas.



Concello de Vigo

II.4.5.- Por último, o documento de revisión do Mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo ano 2017, fase 3ª, arroxa os seguintes resultados globais do Concello de Vigo polas fontes de ruído consideradas, a saber, tráfico viario, tráfico ferroviario e actividades industriais::

RUÍDO GOBAL debido ó efecto conxunto de todas as fontes de ruído:

SUPERFICIE EXPOSTA (Km ²) EN VIGO EN FUNCIÓN DO PERÍODO E RANGO DE RUÍDO					
RANGO (dBA)	DÍA (L _d)	TARDE (L _e)	GLOBAL (L _{den})	RANGO (dBA)	NOITE (L _n)
55-60	13,0	16,5	18,2	50-55	12,0
60-65	7,2	9,9	11,5	55-60	6,1
65-70	4,6	5,7	6,3	60-65	3,4
70-75	2,3	2,8	3,6	65-70	1,3
>75	0,9	1,3	1,7	> 70	0,4

Táboa 1. Superficie exposta (Km²) en 2017, debido ó ruído conxunto do tráfico viario, ferroviario e industria

CENTENAS DE POBOACIÓN EXPOSTA EN VIGO (Método CNOSSOS) EN FUNCIÓN DO PERÍODO E RANGO DE RUÍDO					
RANGO (dBA)	DÍA (L _d)	TARDE (L _e)	GLOBAL (L _{den})	RANGO (dBA)	NOITE (L _n)
55-60	368	403	488	50-55	449
60-65	413	416	393	55-60	353
65-70	414	422	445	60-65	152
70-75	31	38	150	65-70	3
>75	0	2	3	> 70	0

III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

III.1.- Normativa de aplicación

- Constitución Española de 1978.
- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.

- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).
- RD. 1367/2007, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.3/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).
- Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Demais normativa de concordante aplicación.

III.2.- Consideracións xurídicas

A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa de Ruído que permita unha avaliación global da exposición á contaminación acústica dun territorio e poboación, realizar predicións globais, posibilitar a adopción fundada de plans de accións e medidas correctoras axeitadas.

A disposición adicional primeira da citada Lei 37/2003, do 17 de novembro, establece a obriga de aprobar os mapas de ruídos, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 30/06/2007.

Tamén, o artigo 16 da Lei 3/2003 do ruído establece que “os mapas de ruído haberán de revisarse e, no seu caso, modificarse **cada cinco anos** a partir da data da súa aprobación”.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 10 de marzo de 2008, aprobou o Mapa de ruídos do Concello de Vigo, ano 2007, fase 1ª.

A Xunta de Goberno Local en data do 08 de agosto de 2013, aprobou definitivamente a revisión do mapa estratéxico de ruído do Concello de Vigo, ano 2012, fase 2ª, e á Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable no ano 2017, encargou a revisión do citado mapa correspondente ó ano 2017, fase 3ª, cuxo documento final é obxecto do presente informe.

Ao abeiro do artigo 16 en relación co 14 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, é preciso a aprobación do documento de revisión do ano 2017 (fase 3ª) tralo trámite de información pública por un período de un mes.

Ao abeiro do artigo 83 en relación co 45.3. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, o período de información pública do procedemento anunciarase mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, con indicación do lugar de exhibición do expediente, que será accesible a través de medios electrónicos, con indicación do prazo para formular alegacións, neste caso un mes.

A documentación de revisión do Mapa Estratéxico de Ruidos do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, contén os contidos mínimos esixidos pola normativa de aplicación, en especial, a Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002; Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal); RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental); RD 1367/2007, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas), D. Autonómico 106/2015, de 9 de xullo, nos aspectos obxecto da revisión.



Concello de Vigo

A competencia para aprobación da revisión do mapa de ruído corresponde ó alcalde ó abeiro do establecido no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Non obstante, a dita competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de delegacións de competencias do alcalde no referido órgano de data 19/06/2015 (BOE 14/07/2015).

Por todo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

- PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, redactado por Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., con data de 30 de setembro de 2017, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na L.37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (exp. nº 13339/306).
- SEGUNDO:** Someter a documentación da revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado desde a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.
- TERCEIRO:** A documentación da revisión do Mapa Extratéxico de Ruídos do Concello de Vigo estará a disposición do público en xeral no Servizo Municipal de Medio Ambiente (Casa do Concello, sita na Praza do Rei, 1, planta segunda, CP 36202) como na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental).
- CUARTO:** No caso de que non si tivera presentado ningunha alegación, observación ou suxerencia no trámite de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón de aprobación inicial.
- QUINTO:** Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(324).- POSTA A DISPOSICIÓN DA FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA DA PARCELA MUNICIPAL DE 3.542,00M2 SITA NO CÑO DE AREEIRO S/N, DA PARROQUIA DE BEMBRIVE. EXPTE. 3197/244.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 21/03/18, dáse conta do informe-proposta do 19/03/18, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAP).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 28/12/2017, aprobou o proxecto de convenio de colaboración a subscribir coa Fundación Amancio Ortega (FAO), CIF G-15797277, para a construción pola Fundación no termo municipal de Vigo dunha Escola Infantil na parcela de titularidade municipal de 3.542 m² que identificase no plano de deslinde e delimitación anexo a dito convenio.

O Convenio asinouse polas partes intervenientes en data 8/01/2018.

SEGUNDO.- Segundo resulta do seu clausulado, o convenio ten por obxecto definir o marco de colaboración entre a FAO e o Concello de Vigo para a construción pola FAO no termo municipal dunha Escola Infantil de 6 unidades de nenos de 0 anos a 3 anos e para un máximo de 82 prazas así como a dotación inicial do mobiliario e material didáctico para o seu adecuado funcionamento.

Finalizadas as obras de construción, o equipamento integrarase no patrimonio do Concello e na súa rede municipal de centros educativos, destinándose aos fins previstos, nos seguintes cincuenta anos. (Clausula Primeira).

Con esa finalidade, establecece que o Concello de Vigo acordará a posta a disposición en favor da FAO dunha parcela de 3.542 m² para que proceda á construción de dito equipamento e a súa dotación co mobiliario e material didáctico ó que se compromete, debendose asinar ao efecto a correspondente Acta de Entrega. (Clausula Segunda).

A redacción do proxecto técnico constructivo, a solicitude de licencia de obras, así como a construción do equipamento sera de conta da FAO, quen unha vez rematado este o reintegrará ó patrimonio municipal (acta de recepción) asumindo dende enton o Concello a responsabilidade da posta en funcionamento e xestión da Escola Infantil. (Clausulas Segunda, Terceira e Quinta).

TERCEIRO.- O Concello de Vigo é titular dunha finca de 84.340 m², denominada “Polvorín de Puxeiros” en Puxeiros, Bembrive, neste termo municipal de Vigo, adquirida por compravenda ó Estado Español, (Ramo Defensa, Gerencia de Infraestructuras y Equipamiento de la Defensa) en escritura pública de data 31/07/2000, autorizada polo notario D. Jose Piñeiro Prieto (nº 1.472 do seu protocolo), e que figura inscrita no Rexistro da Propiedade Nº 2 no Tomo 1.241, libro 560, Folio 62, finca 34120 - Inscripción 2ª.

A Xunta de Goberno Local, no marco das actuacións previstas no convenio e co fin de dar cumprimento aos compromisos asumidos, acordou en sesión do 13/3/2018 segregarse da finca rexistral nº 34120 e dacordo co informe do topógrafo municipal de 20/02/2018, a seguinte parcela:

1.- PARCELA “A”, dunha superficie de 3542,00m².

Propiedade: Concello de Vigo

Situación: Camiño Arieiro – Bembrive - Vigo



Concello de Vigo

Referencia Catastral: 54057A102001650000BB parcial

Superficie: 3542,00m²

Lindeiros:

Norte: Resto da finca matriz da que se segrega do Concello de Vigo; liña quebrada de 13,43ml,16,10ml y 21,80ml, hoxe Camiño Arieiro

Sur: Resto da finca matriz da que se segrega do Concello de Vigo; liña de 46,74ml

Leste: Resto da finca matriz da que se segrega, do Concello de Vigo, liña de 74,00-ml, hoxe PARCELA "B" que se segrega e describe a continuación.

Oeste: Resto da finca matriz da que se segrega, do Concello de Vigo; valado existente nunha liña quebrada de 29,23ml, 13,52ml, 12,72ml e 17,20ml

CUARTO.- Por todo o anteriormente exposto, e no marco do convenio asinado, procede poñer a disposición da FAO dita parcela municipal de 3.542 m² aos efectos e fins acordados, debendose formalizar na correspondente Acta de Entrega.

QUINTO.- Resulta competente para adoptar o acordo de posta a disposición, a Xunta de Goberno Local, dacordo co art.127.1 letra "n" da LBRL en relación coa Disposición Adicional 2ª da Ley 9/2017 de Contratos do Sector Publico.

A teor do que antecede propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Poñer a disposición da Fundación Amancio Ortega (CIF G-15797277), dacordo co convenio asinado en data 8/01/2018, a seguinte parcela municipal sita no Camiño Arieiro, na parroquia de Bembrive no termo municipal de Vigo, para a construción dunha Escola Infantil de 6 unidades de nenos de 0 anos a 3 anos:

PARCELA "A".

Propiedade: Concello de Vigo

Situación: Camiño Arieiro – Bembrive - Vigo

Referencia Catastral: 54057A102001650000BB parcial

Superficie: 3542,00m²

Lindeiros:

Norte: Resto da finca matriz da que se segrega do Concello de Vigo; liña quebrada de 13,43ml,16,10ml y 21,80ml, hoxe Camiño Arieiro

Sur: Resto da finca matriz da que se segrega do Concello de Vigo; liña de 46,74-ml

Leste: Resto da finca matriz da que se segrega, do Concello de Vigo, liña de 74,00-ml, hoxe PARCELA "B" que se segrega e describe a continuación.

Oeste: Resto da finca matriz da que se segrega, do Concello de Vigo; valado existente nunha liña quebrada de 29,23ml, 13,52ml, 12,72ml e 17,20ml

2º.- Delegar no Concelleiro Delegado de Patrimonio o asinamento da Acta de Entrega da parcela.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(325).- AXUDAS ESPECIAIS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL, MARZO DE 2018. EXPTE. 31589/220.

Visto o informe de fiscalización do 12/03/18, dáse conta do informe-proposta de data 7/03/18, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Persoal, que di o seguinte:

Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo adoptado pola mesma en sesión do 22/02/2018, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais tal como se reflicte en dita acta por un importe de 7.333,00 € :

Nº PERSOAL	EUROS
79109	144
82157	625
15071	2.652
83598	750
22361	1.280
77043	185
80769	906
18276	486
23774	305
TOTAL	7.333

Así mesmo, denéganse as solicitudes presentadas polo empregado 18158, dado que a criterio da comisión non corresponde a axuda.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2018.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2018.



Concello de Vigo

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 22/02/2018, por un importe total de **7.333,00 €** (SETE MIL TRESCENTOS TRINTA E TRES EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

Nº PERSOAL	EUROS
79109	144
82157	625
15071	2.652
83598	750
22361	1.280
77043	185
80769	906
18276	486
23774	305
TOTAL	7.333

Segundo.- Denegar as solicitudes presentadas polo empregado 18158, dado que a criterio da comisión non corresponde a axuda.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(326).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DE GASTOS XUDICIAIS DO EFECTIVO MUNICIPAL CON NUM. PERSOAL 79369. EXPTE. 31518/220.

Visto o informe de fiscalización do 23/03/18, daése conta do informe-proposta de data 3/04/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos e o concelleiro delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

1.- En escrito de data 23/01/2018 (cod. Solicitude W259253-53) o/ funcionario/a, con nº de persoal 79369 e DNI nº *****555 L, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 2406/16, acumulado ao procedemento nº 1615/2016, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 16/05/17 polo que se acordou o sobreseimiento provisional e arquivo das actuacións. Interposto recurso de reforma e subsidiario de apelación, desestimouse o Recurso de reforma por Auto de data 5.07.17 e o de apelación por Auto de 29/12/2017.

2.- O importe solicitado ascende a unha contía de **1.210 euros**, segundo a factura de data 13/07/2017 emitida e asinada por Santiago Costa de Caso, aportándose a tal efecto a factura emitida derivada das dilixencias previas nº 2406/16 que foron acumuladas ao procedemento 1615/2016.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurran circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo polí-

